
ESTREA EN NUMAX: 04.11.2023 | V.O. | 110 min

Hilos (Tito Montero, 2022, 83')

Durante o primeiro verán da pandemia, Tito Montero levou na man unha cámara recén mercada. Foi a primeira ocasión na que alguén gravou a súa familia. Oito décadas antes, o 1 de agosto de 1937, Felipe García Moro morreu na Batalla de Cimeru. Non existen imaxes súas. A xeración do primeiro arquivo audiovisual familiar coincidiu coa busca dalgunha pegada da vida dun avó que, até entón, nunca existiu. Influíu a condición de clase na memoria? A que tipo de persoas pode borrar a Historia?

Contracampos (Ramón Lluís Bande, 2022, 27')

Contracampos é o intento de (re)construír unha paisaxe. Un área recreativa e un campo de tiro, á beira do mar Cantábrico, que entre 1937 e 1943 albergou un campo de concentración do franquismo polo que pasaron miles de republicanos. Pero non se trata de mostrar -de filmar- o invisible, senón de facer ver no que hoxe existe aquilo que falta. O que estivo e xa non está, nin sequera no recordo da xente.



Entrevista con Tito Montero e Ramón Lluís Bande: «Cómpre enfrontarse á capa de silencio que o envolve todo»

Por Pablo Antón Martín Estrada

Nos seus filmes abordan a reconstrución da memoria mediante distintos procedementos. En *Contracampos* téntase filmar algo (un espazo) do que non queda nada e en *Hilos* enchendo os ocos do esquecemento con investigación e testemuño familiar. Ramón Lluís Bande [RLB]: É interesante que ambas obras coincidan no tempo porque representan os dous camiños polos que debe apostar o cinema da memoria: a positiva no caso de Montero, porque aínda confía no testemuño e é necesaria en Asturias porque hai moitos feitos que precisamos coñecer, e *Contracampos* sería un exercicio de memoria negativa, desconfía do testemuño e sabe que é un filme que fracasa se non consegue activar a memoria dos espectadores, un proceso que só se dá na súa cabeza, non na pantalla. Sería un contramonumento cinematográfico para crear unha paisaxe que xa non existe cunha proposta que segue o concepto do *deep map* de James Benning para tentar a través de planos en presente absoluto captar o pasado dese lugar: un campo de concentración que agora é unha área recreativa e un campo de tiro. Cunha ollada pausada e o percorrido proposto ao espectador trátase de reconstruír o significado político dese espazo, non só para lembralo senón como alerta no presente que eses espazos poden volver ser o que foron.

Tito Montero [TM]: Comparto a súa reflexión. Eu en *Los ladrillos* (2011) propuña un percorrido posible sobre a distancia e se pode facerse un filme asturiano en calquera lugar do mundo. (...) Agora busco neses fíos unha sorte de cota do espazo, porque aínda que parece que se move por diversos lugares en realidade está contada nun lugar moi definido que tanto meu pai coma nin transitamos a diario. No arranque do proxecto houbo dous filmes que me influíron, *Pepe el andaluz* (Alejandro Alvarado / Concha Barquero, 2021) e *El nome de los árboles* (2015) de Bande. É un cinema pouco explorado en Asturias e sentía a necesidade de achegar algo, enfrontarme á capa de silencio que o envolve todo. Para min era importante facelo cando a xeración que viviu iso, a de meus pais, aínda está viva e con facultade para poñer cousas sobre a mesa. Non me interesaba unha homenaxe á memoria familiar morta.

Ambos filmes coinciden nunha premisa: as paisaxes non son neutrais. RLB: É esencial para un cineasta reflexionar sobre o tratamento dun territorio. Hai anos que descubrín a imposibilidade de pousar unha cámara e que non me devolve un plano con comentario político sobre a construción desa paisaxe e as relacións de clase que se dan nel. Desde un cinema coído que rigoroso traballo esas expresións políticas da paisaxe e tómoas como un convite moral fronte a ollada colonial ao territorio que representa o cinema industrial que vén rodar a Asturias e só ve un estudio. (...) Un dos camiños do meu cinema explora esa paisaxe para resignificar o seu lugar político e convertelo en espazo de memoria que hoxe non é e sería complicado porque toda esa Asturias "guapa" nace do sangue de obreiros e labregos alí enterrados.

TM: A clave non é que mirar senón desde onde (...) Reflexionar sobre o que pasaba ao meu redor levoume a entender que o colectivo supoñía entender o persoal. Por iso traballo sobre familia e territorio. Perdemos as conexións coa xente que calaron, exiliaron ou mataron no 37 e esa fenda xerou o momento que vivimos, é necesario reconectar co que sirva diso para imaxinar un futuro onde sexamos quen de moldear a realidade e non todo nos veña dado por un poder incuestionable.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El silencio de otros,
Almudena Carracedo e
Robert Bahar.
Karma [DVD]

*Mi infancia en el
franquismo. Tiraña*,
Asturies, 1938,
Enesida García Suárez.
Cambalache, 2018

*Tres periodistas en la
Revolución de Asturias*,
Manuel Chaves Nogales,
José Díaz Fernández e
Josep Pla.
Libros del Asteroide, 2017